

CRITERIOS DE ADHESIÓN Á MARCA COSTA DAS ONDAS

Costa das Ondas é a marca de promoción do xeodestino Ferrolterra – Rías Altas como destino de turismo de surf. É propiedade da **Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol** e conta coa colaboración da Axencia de turismo de Galicia.

Co obxectivo de promocionar ás entidades deste territorio relacionadas co turismo de surf, establécense os seguintes criterios de adhesión para aquelas entidades (escolas de surf, aloxamentos, restauración, tendas con material técnico e outras) que teñan interese en formar parte dos servizos ofertados nas accións promocionais que se desenvolvan mediante diferentes canais online e offline.

Así, as entidades deberán:

- Cumprir as normas sectoriais que lle sexan de aplicación.
- Colaborar activamente co proxecto Costa das Ondas participando con regularidade nas actividades que se programen, así como asistir ás reunións ás que sexan convocados.
- Coñecer o proxecto Costa das Ondas para poder dar información, de ser o caso, aos seus clientes.
- Colocar nun lugar visible o selo identificativo de Costa das Ondas no formato proporcionado pola Mancomunidade.
- Incorporar á súa páxina web o logotipo de Costa das Ondas cun enlace á web corporativa da marca.

As entidades poderán cancelar a súa adhesión en calquera momento.

01 de outubro de 2017